



ARCHIVADO

SECRETARIADO XERAL

Calle de Chile, 28 - entreasuelo - Izqda

Teléfonos 59 94 50 - 4

SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRIMEIRO CONGRESO DO SINDICATO DO ENSINO DE CC.OO DE GALICIA

O sábado día 20 tivo lugar en Santiago o I Congreso do Sindicato do Ensino de CC.OO. de Galicia. Sesenta delegados das diferentes localidades galegas xuntáronse para debater as ponencias encol dos seguintes temas: "Ensino e sociedade", "Escola Pública", e "Ensino e Cultura Nacional". En cada unha das ponencias adoptáronse resolucións que sinalarán as liñas a seguir polo Sindicato nos próximos meses.

O Congreso elixiu como Secretario Xeral do Sindicato a Xoan-Luis Pintos, profesor da Universidade de Santiago. Tamén foi elixida a Comisión Executiva que estará composta por: Manuel Gómez Villar Marina González, Modesto Hermida, Xesús Murás, Luis Otero, Antón Lama-Pereira, Ascensión Cambrón, Francisco Alvarez Fontenla, Consuelo Sánchez, Santiago Bellón, Braulio Rodríguez, Vicente Villar e Ana M^a Pardo.

Elexíronse tamén os delegados que representarán ao Sindicato do Ensino no Congreso do Sindicato Nacional das CC.OO.

Santiago, 22. maio. 1978



SECRETARIADO XERAL

Santiago de Chile, 28 - entresuelo - izqda

Teléfonos 699450 - 4

SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESOLUCIONS DO I CONGRESO DO SINDICATO DO ENSINO DE CC.OO. de GALICIA

A. Escola Pública

1. A necesidade dunha alternativa global ao sistema educativo despois do fracaso da Ley General de Educación que deixou sin resolver problemas tan importantes como a dualidade ensino estatal-ensino privado, o carácter clasista e selectivo, a estruturación centralista e burocrática, entre outros.
2. O Sindicato defende como alternativa global unha Escola Pública caracterizándoa como democrática, científica, unificada, aberta e laica. Reconócese a necesidade de financiación polo Estado para conseguir unha gratuidade real.
3. O Sindicato, valorando a situación actual, plantexouse algúns dos problemas na transición cara a unha escola pública, reconecendo que haberá que partir dunha transformación tanto na escola privada como na escola estatal actual. O mantemento dos postos escolares e de traballo é unha condición fundamental en todo o proceso de transición. Reafírmase o obxectivo de rematar progresivamente coa política actual de subvencións, ao tempo que se orienta a escola estatal no sentido de correxir as desigualdades creadas nos últimos anos.

B. Ensino e Sociedade

1. O empeño de CC.OO. porque os problemas do ensino non sexas patrimonio exclusivo dos alumnos e ensinantes, senón tamén de todos os sectores da sociedade, e especialmente sexan afrontados pola clase traballadora, como máxima interesada nun ensino mellor.
2. Facer do ensino un instrumento para a liberación social e nacional de Galicia, para a participación dos homes e mulleres galegos na transformación da súa realidade, entendendo que o ensino ten de estar axeiado ás necesidades de Galicia e ao servizo do pobo.
3. A necesidade, por parte do Sindicato, de elaborar alternativas concretas aos problemas específicos que se presentan no panorama actual do ensino.
4. A necesidade de establecer unha infraestrutura organizativa que permita a participación de sindicatos e outros organismos implicados na elaboración e control da política educativa galega: Comisións mixtas na Consellería do Ensino da Xunta de Galicia, Comisións ou Consellos de Ensino a niveis comarcáis e locais.
5. Potenciación daqueles movementos que leven a unha renovación pedagóxica no noso país e a unha toma de postura diante da actual forma que toma o ensino: Cursiños de Formación e reactualización do profesorado, Constitución de Claustros democráticos, reivindicacións dos dereitos dos ensinantes como traballadores, etc.



SECRETARIADO XERAL

Santiago de Chile, 28 - entreasuelo - Izqda

Teléfonos 59 94 50 - 4

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolucións do I Congreso S.Ensino - 2

C. Ensino e Cultura Nacional

1. O Sindicato reconece a existencia en Galicia dun fato de diferenciacións culturais que plantexan a necesidade dunha análise específica.
2. Que dentro desta análise a cuestión da lingua é un dos aspectos do feito cultural no que os traballadores do ensino teñen unha maior responsabilidade cara a súa progresiva normalización.
3. Que a asunción polos traballadores do ensino da complexa problemática que conleva a especificidade do feito cultural é un xeito moi importante de vencellar as loitas sindicais coa necesidade de transformar a realidade galega.
4. Que dada a importancia desta cuestión a Sindicato levará a cabo unha elaboración máis detida desta problemática que posibilite unha meirande incidencia na actual discusión encol do ensino en Galicia.

Santiago, 20 de maio de 1978